

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 11 DE FEBREIRO DE 2020

Lista de asistentes

Presidenta, decana , coordinadora de calidade e coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade

Reboreda Morillo, Susana

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina T.

Coordinadora de Grao

Vaquero Díaz, Beatriz

Coordinador do Mestrado en Valoración e Xestión do Patrimonio Cultural

Pérez Losada, Fermín

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Presedo Garazo, Antonio (colaborador de calidade)

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Estudantes egresados

López López, Marta

Desculpan ausencia

PDI

Comendador Rey, Beatriz

López Díaz, María

Membros da sociedade

Díaz Naya, Rosa María

Eguileta Franco, José María

No Decanato da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen os membros da Comisión de Calidade que figuran á marxe, o martes 11 de febreiro de 2020, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 3 de decembro de 2019.

2.- Informe da presidenta

3.- Inicio da elaboración do Informe de Revisión pola Dirección. Debate e suxestións.

4.- Validación, se procede, do documento das alegacións sobre o informe de revisión interna do seguimento de centros e de titulacións oficiais de Grao e Mestrado para : Grao en Xeografía e Historia; Mestrado Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural; e Mestrado Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade.

5.- Validación, se procede, da listaxe das accións formativas derivadas das necesidades detectadas para o PDI.

6.- Validación, se procede, da proposta da Facultade de Ciencias da Educación relacionada co uso de espazos.

7.- Rolda de intervencións.

A decana pasa a dar lectura aos nomes dos membros da Comisión de Calidade que desculpan a súa ausencia á sesión, e que se relaciona á marxe desta acta.

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 3 de decembro de 2019.

Apróbase a acta por asentimento.

2.- Informe da presidenta.

Comeza o seu informe indicando que se recibiu a verificación da Memoria do Mestrado Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural. O cambio obedecía a que inicialmente o citado mestrado dependía da Facultade de Historia e da Escola de Enxeñaría de Enxeñaría de Minas e da Enerxía, este centro manifestou o seu desexo de non figurar centro organizador o que derivou nun cambio na Memoria do título.

Xa se publicaron tres dos catro volumes relacionados co III Congreso Internacional da Auga que organizou a facultade, queda unicamente pendente o de Arqueoloxía, que está a piques de saír.

Estase xa a traballar na organización das III Olimpíadas Galegas de Historia, remitiuse a información aos centros de secundaria de toda Galicia. Solicitouse á Xunta de Galicia unha aportación económica de 3.000 euros. A Deputación de Ourense continuará colaborando nos mesmos termos das anteriores edicións, e pediuse colaboración ao Concello de Ourense, de momento está pendente de concretar. Tamén contamos co apoio de empresas privadas como por exemplo Coren, Auga de Sousas, Grupo Cuevas e a Editorial Galaxia. Realizarase unha convocatoria para solicitar, a través de Voluntariado, a colaboración no evento e pedirase ao catedrático emérito Jesús de Juana que protagonice a fase final das Olimpíadas igual que fixo o ano pasado.

Celebrouse unha xuntanza co alumnado da Delegación da facultade, cumprindo un dos aspectos contemplados no PAESU. Animóuselles a que dinamizaran a delegación e a que lanzaran actividades. Na citada xuntanza referíronse a certos problemas que tiñan con un profesor da titulación de Grao. A decana indicoulles que fixeran un escrito ao respecto para falar con el.

En relación á problemática entre alumnado e profesorado, a profesora Beatriz Vaquero, como coordinadora do PAT de 2º curso, mantivo unha conversa cun profesor. Fai unha reflexión explicando que a normativa contempla a posibilidade dun conflito provocado polo alumnado, pero non menciona nada no suposto de que sexa o profesorado o que o orixine o conflito. Ela deu un primeiro paso para servir como mediadora. A decana comenta que valore a posibilidade de exporlle os detalles a ela, por se o conflito se repetira.

A profesora Beatriz Vaquero considera que a súa labor de Coordinadora do PAT de 2º en Xeografía e Historia dura un curso académico e que ao final do curso se verá como está o problema, considera que está capacitada para xulgar e determinar se despois se informa dos detalles, nestes momentos está realizando ela persoalmente as labores de mediación tratando de que o problema se solucione. Intervenén tamén para dar a súa opinión a profesora Yolanda Barriocanal e o profesor Antonio Presedo. Dado que os puntos de vista son distintos finalmente decídese que se informe ao Decanato da incidencia, para que poida coñecer a problemática por se no futuro se repite o mesmo caso. O tema será tratada coa discreción que se debe nestes casos.

Informa a decana que dentro do plan de captación de alumnado decidiuse reforzar o uso das redes sociais, reforzando o labor divulgativo que de xeito desinteresando realizan a profesora Beatriz Comendador e a secretaria Josefina Cadilla. Con esta finalidade contratouse a Rosa Veiga, antiga alumna da facultade e profesional freelance para que realice publicacións periódicas en Facebook, Instagram e Twitter e cree un canal de Youtube. O obxectivo é incidir en aspectos singulares do grao, como por exemplo as amplas ofertas de prácticas e mobilidade, ou o carácter diferenciador do noso título, sendo o único grao en Xeografía e Historia do noroeste peninsular.

3.- Inicio da elaboración do Informe de Revisión pola Dirección. Debate e suxestións.

A decana e o coordinador de calidade iniciaron a elaboración do IRD do curso 2018/2019. A metodoloxía será de continuidade con respecto aos informes realizados nos cursos anteriores. Así mesmo, xa lle solicitamos os datos e táboas a Josefa R. Bouzas, PAS da Área de Apoio a Centros e Departamentos, que ten asignada esta colaboración coa nosa facultade. Xa o ano pasado realizou un excelente labor.

Solicítase por parte de Susana Reboreda e de Antonio Presedo a colaboración dos membros da Comisión, en canto a suxestións e a lectura dos borradores que se vaian enviando para a súa posta en común antes da validación do documento.

4.- Validación, se procede, do documento das alegacións sobre o informe de revisión interna do seguimento de centros e de titulacións oficiais de Grao e Mestrado para: Grao en Xeografía e Historia; Mestrado Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural; e Mestrado Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade.

En relación á revisión voluntaria do IRD do ano pasado a presidenta indica que os contidos resultaron instrutivos, se ben non eran de gran calado. En relación a elo non se presentaron alegacións de relevancia. Pasa a explicar algunha das presentadas, sobre as que en ocasións o centro non pode actuar:

por exemplo respecto ás prácticas das materias o alumnado expresa o seu desexo de que haxa máis horas nas materias, pero non é posible porque este cambio afectaría á Memoria do título.

Valídanse por asentimento.

5.- Validación, se procede, da listaxe das accións formativas derivadas das necesidades detectadas para o PDI.

Neste caso pídense tódolos anos suxestións para a realización de cursos que despois se pasan á Reitoría para a súa toma en consideración. Se presentan para validar as recollidas este curso que se pasarán a Área de Formación do PDI.

Valídanse por asentimento.

6.- Validación, se procede, da proposta da Facultade de Ciencias da Educación relacionada co uso de espazos.

A Facultade de Ciencias da Educación, solicita facer uso do espazo dedicado á Secretaría do Departamento de Historia, Arte e Xeografía a cambio de que o profesorado do noso centro poda utilizar o espazo común do que eles dispoñen no Pavillón 2.

Intervén o profesor Fermín Pérez, director do Departamento para explicar que ese espazo xa non é a sede oficial do departamento pero que o problema radica en que nese espazo está depositada toda a documentación. A profesora Beatriz Vaquero expón que o traslado desa documentación é un tema moi delicado dado que non se pode proceder a traspasar todos o documentos porque no traslado, pódense producir perdas de gran valor. Non se deben sacar a documentación desas dependencias sen antes pasar pola supervisión da arquivista da universidade. Débese realizar unha valoración de fontes, valoración de series, e ver como se vai dixitalizar e todo sempre supervisado por persoal especialista na materia. Os membros da Comisión coinciden con esta valoración polo que non se valida a proposta e se suxerirá retirala da orde do día da Xunta de Facultade de mañá.

7.- Rolda de intervencións.

A profesora Beatriz Vaquero, solicita que se envíe o antes posible a PDA de tódalas áreas dado que para tomar decisións é preciso coñecer o documento. Desde o Decanato realizárase a proposta en borrador, estase agardando pola votación que do alumnado de terceiro sobre as materias optativas. En principio en terceiro e en cuarto non se contemplaba a posibilidade de grupos, pero sí en 2º. A profesora Beatriz Vaquero indica a súa intención de recuperar os dous grupos.



Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.05 h do día 11 de febreiro de 2020, da que eu como secretaria dou fe, co visto e prace da decana.

A decana

A secretaria

Asinado dixitalmente

Asinado dixitalmente

Susana Reboreda Morillo

Josefina Cadilla Lomba